

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 10 DE XUÑO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se toma razón da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para actuacións de eficiencia enerxética en empresas turísticas, incluídas no Plan de modernización e competitividade do sector turístico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se convocan para o ano 2024, con carácter plurianual, por un importe total de dez millóns cento corenta e oito mil oitocentos doce euros con sesenta e dous céntimos (10.148.812,62€).
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global a executar polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e se convocan, por un importe total de seiscientos mil euros (600.000,00€).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se toma razón do informe sobre as liñas estratéxicas da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para a revisión e actualización da planificación en materia de augas.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a Universidade da Coruña (UDC) e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para completar as axudas dos programas Grants do Consello Europeo de Investigación (ERC), por un importe total dun millón cincocentos cincuenta e cinco mil euros (1.555.000,00€)

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Gallega de Asociacións de Atención a las Personas con Parálisis Cerebral, para o financiamento do programa de promoción da autonomía persoal de persoas con parálise cerebral e/ou patoloxías afíns, e do mantemento da entidade para o exercicio 2024. Importe: oitenta e nove mil douscentos cincuenta euros (89.250,00€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Saúde Mental FEAFES Galicia (Federación Galega de Asociacións de familiares e persoas con enfermidade mental de Galicia) para o financiamento dos programas dirixidos a persoas con enfermidade mental residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e o mantemento da entidade para o exercicio 2024. Importe: seiscentos dezasete mil oitocentos cincuenta e seis euros (617.856,00€).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade a establecer porcentaxes superiores nos pagamentos anticipados ás recollidas na normativa reguladora das subvencións de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para a realización de actuacións de rehabilitación e/ou equipamento de edificacións para vivendas das entidades locais de Galicia destinadas á atención a persoas sen fogar para o período 2024-2025 no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGeneratioEU, e se convocan. Importe total: cinco millóns setecentos cincuenta e catro mil cento noventa e cinco euros (5.754.195,00€).
- Acordo polo que se toma razón dos Programas para a atención psicolóxica en materia de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano 2024.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón dos beneficiarios da Orde do 4 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas ao reforzo e á extensión das redes de distribución eléctrica que dan servizo aos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024.
- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do Plan de desenvolvemento de dereitos mineiros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura e a exención de garantías nos pagamentos a conta do convenio entre o Instituto Galego de Promoción Económica e a Confederación de Empresarios de Galicia para a xestión do servizo de licitacións internacionais, por un importe total de douscentos vinte mil cincocentos euros (220.500,00 €).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se toma razón da Estratexia galega de solo residencial para a construción de 20.000 vivendas protexidas.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación de concesión de servizos para a explotación do servizo de cafetería para o público do Hospital Público A Coruña (HUAC), sita no 4ª andar do edificio Oeste do Complexo, da cafetería do Hospital Marítimo de Oza, da cafetería do Hospital Abente y Lago e da cafetería do Centro de Especialidades del Ventorrillo, todas elas dependentes da Área Sanitaria da Coruña e Cee, pertencente ao Servizo Galego de Saúde, por un valor estimado de dez millóns cincocentos sesenta e sete mil cincocentos oito euros con setenta e cinco céntimos (10.567.508,75€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e a exención de constituír garantía para os pagamentos anticipados na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das axudas para a realización de rodaxes audiovisuais en Galicia, susceptibles de ser cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027, e se convocan para o exercicio 2024 por importe de dous millóns de euros (2.000.000€).
- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto de carácter plurianual que se deriva da Orde de convocatoria de dez bolsas de formación en proxectos de investigación do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH) para os anos 2024, 2025 e 2026, por un importe total de douscentos sesenta e seis mil catrocentos catorce euros con corenta céntimos (266.414,40€), así como a modificación da porcentaxe sinalada no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se toma razón da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da comercialización da artesanía galega e se convocan para o ano 2024.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da política de renovación dos medios marítimos do Servizo de Gardacostas de Galicia da Consellería do Mar.

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe da diagnose da convivencia. Resultados da macroenquisa.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a contratación da subministración e implantación do sistema de información para as unidades de críticos.
- Informe sobre a posta en marcha do cribado de cancro de próstata.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre o HUB audiovisual industria cultural galega. Resumo de resultados.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023-2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA DESTINA 10 M€ A MODERNIZAR E REFORZAR A EFICIENCIA ENERXÉTICA DAS EMPRESAS TURÍSTICAS GALEGAS

- O Consello aproba unha nova liña de axudas da que se poderán beneficiar tanto os establecementos de aloxamento coma os de restauración
- Entre as novidades desta edición están as achegas para instalar paneis fotovoltaicos e renovar electrodomésticos por outros máis eficientes
- Trátase dunha convocatoria con criterios máis flexibles para as empresas que se financiará con fondos europeos Next Generation

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno autonómico destinará 10 millóns de euros a unha liña de axudas para “promover melloras de eficiencia enerxética” nas empresas turísticas da comunidade “que contribúan á súa sustentabilidade”.

Financiada con fondos europeos, a nova convocatoria busca a modernización e mellora da competitividade do sector turístico galego e dá continuidade á liña de axudas lanzada o ano pasado por 7 millóns de euros, aínda que flexibiliza e mellora as condicións para poder facilitar a entrada de máis empresas.

Deste xeito, tal e como explicou o presidente, a nova edición inclúe varias novidades. Unha das principais é que poderán recibir achegas tanto os establecementos turísticos de aloxamento “coma os de restauración: bares, cafetarías, restaurantes...”. Ademais, segundo sinalou Rueda, sufrágase a rehabilitación enerxética de todo o edificio ou dunha parte (na anterior eran edificios completos), e non se pide antigüidade mínima dos edificios que se van rehabilitar. Tampouco hai unha exigencia mínima de aforro enerxético. Outras das novidades é que entre as accións subvencionables este ano inclúese a instalación de paneis fotovoltaicos para consumo propio e a renovación de electrodomésticos por outros máis eficientes.

Será unha convocatoria de concorrencia non competitiva. Poderán beneficiarse os establecementos de aloxamento, así como empresas de restauración, entre as que se inclúen restaurantes, cafetarías e bares. Como norma xeral, a intensidade da axuda será de ata un 70 % do custo total subvencionable do proxecto, aínda que poderá chegar ao 80 % ou 90 % no caso de que se acrediten aforros de enerxía primaria non renovable dun 20 ou 30 %.

Esta liña de axudas sufragará, entre outras accións, a mellora da eficiencia enerxética da envolvente térmica coa intención de reducir a demanda en calefacción e climatización de edificios completos, locais ou partes do edificio destinado ao establecemento turístico. Tamén a mellora da eficiencia enerxética e de enerxías renovables nas instalacións térmicas, con accións como a substitución de enerxía convencional por enerxía solar térmica, enerxía xeotérmica ou biomasa nas instalacións térmicas, entre outras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén se inclúe a subvención para instalacións fotovoltaicas para autoconsumo, así como a mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación, coa instalación de luminarias de maior rendemento e lámpadas de maior eficiencia, sistemas de control por presenza, recolocación dos puntos de luz, entre outras. A subvención tamén cubrirá a renovación de electrodomésticos con clases enerxéticas máis eficientes. Tamén poderán sufragarse sistemas de automatización e control da enerxía. Os gastos subvencionables deberán estar realizados antes de abril de 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA AS AXUDAS A PROXECTOS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E A CIDADANÍA GLOBAL QUE EXECUTARÁN AS ONGD

O Consello da Xunta dá luz verde a esta convocatoria, que financiará actividades relacionadas coa sensibilización, concienciación, formación e investigación sobre o desenvolvemento, así como a incidencia e a mobilización social para crear redes de solidariedade na comunidade

O Consello da Xunta aprobou hoxe as axudas para a realización de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, que executarán as Organizacións Non Governamentais de Desenvolvemento (ONGD), por importe de 600.000 euros ata 2024. A subvención terá unha dotación distribuída entre os 240.000 euros deste 2024 -o 40 % do total- e os 360.000 euros restantes previstos para o próximo ano.

Poderanse financiar actividades que forman parte da educación para o desenvolvemento desde catro perspectivas: a sensibilización e concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza; a formación sobre o desenvolvemento e a súa difusión nos ámbitos educativos; a investigación neste ámbito; así como a incidencia, a participación e a mobilización social para crear redes de solidariedade na sociedade.

As entidades beneficiarias da concesión de subvencións serán as ONGD e agrupacións lideradas por ONGD cos outros axentes de cooperación, isto é, universidades, empresas e organizacións empresariais, sindicatos, as comunidades galegas no exterior, e outros axentes sociais ou entidades que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento.

O importe máximo para proxectos individuais executados neste 2024 será de 25.000 euros e de 35.000 euros se se trata de iniciativas plurianuais. No caso de proxectos plurianuais presentados por varias entidades en agrupación a contía da axuda poderá acadar os 45.000 euros se son programas plurianuais e de 35.000 euros se son anuais.

A Xunta destaca a importancia da educación para o desenvolvemento, ao tratarse dun valor engadido da cooperación descentralizada que cómpre potenciar desde a cooperación galega, tendo en conta, ademais, que a meirande parte das ONGD galegas traballan neste eido como unha das súas liñas estratéxicas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ CASE 7 M€ A DESEÑAR UNHA NOVA PLANIFICACIÓN EN MATERIA DE AUGAS PARA OPTIMIZAR A XESTIÓN DOS RECURSOS HÍDRICOS E DAS INFRAESTRUTURAS

- O Consello autoriza a estratexia a seguir ata 2033 para que a Comunidade poida afrontar desde a mellor posición os retos de futuro relacionados cos efectos do cambio climático, as novas necesidades sociais e económicas e a contaminación
- Apostarase por medidas para propiciar a reutilización de augas residuais xa depuradas cando sexa viable e no eido do consumo o reto principal será garantir o subministro coa calidade e cantidade axeitadas a todos os núcleos de poboación
- Augas de Galicia traballa na revisión dos plans de saneamento e de abastecemento, cun investimento estimado de 4,75 M€ e a previsión de que entren en vigor en 2026
- Dentro do ámbito da conca de Galicia-Costa, abordaranse a redacción do futuro plan hidrolóxico e dos instrumentos de xestión do risco de inundacións e de seca
- Son, en total, cinco plans, que permitirán orientar as actuacións do Executivo autonómico nos vindeiros anos, primando investimentos e actuacións no marco do seu apoio aos concellos para garantir a prestación dos servizos de augas municipais

A Xunta destinará preto de 7 millóns de euros de fondos propios nos vindeiros anos ao deseño e a elaboración da súa nova planificación estratéxica para a xestión das augas continentais galegas co obxectivo de optimizar o aproveitamento dos recursos naturais e das infraestruturas hidráulicas xa existentes, así como das que poidan ser necesarias.

O Consello autorizou esta mañá os pasos que se van seguir para que Galicia poida afrontar desde a mellor posición posible os principais retos a futuro e abordar deste xeito a xestión pública dos recursos hídricos da forma máis responsable e eficiente.

En concreto, entre os principais desafíos neste eido cómpre destacar aqueles relacionados co cambio climático e os seus efectos, como poden ser os eventos de seca ou as inundacións, a contaminación de fontes naturais e o seu impacto na calidade das augas, ou as novas e crecentes necesidades de abastecemento relacionadas coa evolución de sectores produtivos importantes como o agro, a industria ou o turismo.

Para desenvolver e marcar a folla de ruta que se vai seguir nos vindeiros anos, a Xunta, a través do organismo público Augas de Galicia, elaborará un total de cinco instrumentos de planificación: dous para o conxunto da comunidade e tres específicos para a conca de Galicia-Costa, que xestiona directamente e abrangue un territorio de 12.990 km² e unha poboación de case 2,1 millóns de persoas (o 76% do total).

Son, concretamente, os plans de saneamento e de abastecemento, ambos de ámbito autonómico e cun investimento estimado de 4,75 millóns de euros; o Plan hidrolóxico e o de xestión do risco de inundación, con horizonte temporal 2028-2033, e o novo Plan especial de seca para a demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, aos que se destinarán neste caso outros 2 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, a nova planificación a nivel galego en materia de saneamento de augas atópase en elaboración. De feito, a primeira fase dos traballos, consistente na análise dos sistemas de depuración actuais e na diagnose das necesidades, xa está finalizada e nos próximos días licitarase o contrato para a elaboración da segunda, que incluírá a creación do rexistro oficial de aglomeracións urbanas de Galicia en aplicación da Lei do ciclo da auga autonómica e adaptará tamén a estratexia que se vai seguir nesta materia ao disposto na nova directiva de augas residuais europeas, que se aprobará previsiblemente en 2024.

Ademais e aínda que haberá que esperar a contar cos documentos definitivos para poder concretar máis, a través do futuro plan propiciarase a reutilización de augas residuais xa depuradas cando sexa viable en función dos usos previstos, das condicións sanitarias exixibles e de acordo cos estudos técnicos e económicos que se fagan.

Para iso, proporanse medidas enfocadas a mellorar as instalacións de depuración que resulten insuficientes, reducir as infiltracións nas redes municipais, mellorar a xestión das augas pluviais e optimizar a eficiencia enerxética nos sistemas de saneamento.

En canto ao novo Plan xeral de abastecemento da comunidade, substituirá o actual (o Plan auga) para adaptalo aos novos criterios técnico-sanitarios de calidade das augas de consumo. O obxectivo principal será garantir a subministración de auga en cantidade e calidade axeitadas a todos os núcleos de poboación legalmente constituídos.

Para tal fin tomarase como base o traballo que se está a realizar xa nos concellos grazas ás axudas da Xunta para elaborar auditorías dos sistemas de abastecemento, plans de emerxencia municipais fronte á seca ou protocolos de abastecemento autónomo. Ademais, incluíranse medidas específicas para optimizar o funcionamento dos sistemas de abastecemento, reducindo fugas e buscando a mellora enerxética das instalacións.

Nestes momentos, Augas de Galicia traballa co obxectivo de que tanto este documento como o futuro Plan xeral galego de saneamento entren en vigor ao longo de 2026.

Conca Galicia-Costa

Así mesmo e con relación aos instrumentos estratéxicos específicos para a conca de Galicia-Costa, a elaboración do novo Plan hidrolóxico 2028-2033 abordarse en tres fases que permitirán determinar aquelas actividades que poden ter unha maior afección sobre o medio hídrico e, coa base dos estudos que se fagan e das achegas da consulta pública, establecerase un programa de medidas para mellorar a calidade das masas de auga.

Estas medidas serán de distintos tipos e abrangerán obras de abastecemento ou saneamento e depuración; actuacións para optimizar os principais usos da auga co fin de que resulten máis eficientes e reduzan o impacto sobre os recursos hídricos; melloras na xestión das actividades con posibles impactos no medio; ou accións de concienciación para que toda a sociedade contribúa a acadar os obxectivos ambientais neste eido.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No que respecta ao Plan de xestión do risco de inundación de Galicia-Costa 2028-2033, o punto de partida será o estudo dos episodios de asolagamento dos últimos anos, as medidas que xa se foron adoptando e as obras e actuacións executadas sobre o territorio para modificar o risco de inundación. A partir de aí determinaranse as zonas de maior perigosidade dentro da demarcación e desenvolveranse novos mapas de áreas inundables, ademais de revisar os vixentes. Co fin de reducir o risco para a poboación, estableceranse medidas adaptadas a cada caso, tales como a apertura de ríos que actualmente están canalizados, a ampliación dos leitos fluviais para que teñan máis espazo para asumir as crecidas ou o deseño de zonas de inundación controlada.

Por último, o futuro Plan especial de seca servirá para actualizar e revisar o documento vixente, aprobado a mediados de 2022. Neste sentido, cómpre precisar que desde entón se produciron dous episodios deste tipo en Galicia e neste período moitos concellos aprobaron plans municipais de emerxencia propios, o que aconsella revisar aspectos tales como os indicadores para decretar un eventual episodio de seca ou o protocolo de actuación coordinada de todos os plans, autonómico e locais. Está previsto que este documento poida aprobarse a finais do vindeiro ano.

Estes cinco instrumentos de planificación, ademais, permitirán orientar mellor os investimentos e as actuacións da Xunta en materia de saneamento e abastecemento, dous servizos de competencia municipal, pero nos cales o Goberno autonómico leva anos prestando un importante apoio técnico e financeiro aos concellos que o necesitan.

De feito e a modo de exemplo, cómpre indicar que só en 2024 Augas de Galicia ten reservados nos seus orzamentos case 110 millóns de euros para obras relacionadas co saneamento e a depuración das augas residuais e a mellora dos sistemas de consumo.

Obxectivos a medio prazo e cambios normativos

Aínda que a Xunta xa conta cunha planificación tanto a nivel autonómico como na conca de Galicia-Costa para todas as materias sinaladas, estes instrumentos deben ser actualizados periodicamente para adaptarse aos novos retos e tamén aos cambios normativos neste eido a nivel autonómico, estatal e europeo, tanto os que xa se produciron como os que se aprobarán de forma inminente.

Neste sentido, a revisión da directiva comunitaria de augas residuais urbanas que está a punto de ser aprobada, os requirimentos introducidos no marco legal español derivados da nova directiva sobre a calidade das augas de consumo ou a entrada en vigor da Lei galega de mellora da xestión do ciclo integral da auga teñen que ser incorporadas á planificación galega que se vai facer neste eido.

No actual contexto de cambio e entre os principais obxectivos da planificación estratéxica presentada ante o Consello figuran a protección e mellora dos ecosistemas acuáticos, a garantía dun abastecemento seguro e de calidade para todos os usos, a xestión eficiente e sostible da demanda de auga, a modernización das infraestruturas hidráulicas e a adopción de tecnoloxías avanzadas para aproveitar e vixiar os recursos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, fomentarase a participación pública e a colaboración entre as distintas administracións implicadas para garantir que todos os interesados participen na planificación e xestión da auga.

Con estes obxectivos, Galicia poderá garantir un futuro sostible e resistente con relación ao aproveitamento dos seus recursos hídricos, impulsando o respecto polo ambiente e a responsabilidade no uso e conservación dun ben limitado, ao tempo que se compatibiliza o bo estado das masas de auga co desenvolvemento económico, social e cultural vencellado a elas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGA MÁIS DE 1,5M € PARA CONSOLIDAR O VÍNCULO CON GALICIA DE SEIS INVESTIGADORES EXCELENTES RECOÑECIDOS POLO CONSELLO EUROPEO DE INVESTIGACIÓN

- Destina unha axuda complementaria á concedida pola entidade europea para financiar investigacións desenvolvidas nas universidades de Santiago e A Coruña
- O Goberno galego leva investidos máis de 22,6M € en apoiar a participación dos investigadores da comunidade nos programas ERC, un dos máis prestixiosos

A Xunta de Galicia vai achegar ás universidades de Santiago de Compostela (USC) e da Coruña (UDC) 1.555.000€ para financiar os traballos liderados por seis investigadores excelentes, cuxo traballo está recoñecido polo Consello Europeo de Investigación (ERC). O obxectivo desta axuda, aprobada polo Consello da Xunta e que é complementaria ás concedidas pola entidade europea para os programas Consolidator Grants e Starting Grants, é consolidar o vínculo destes científicos co Sistema Universitario de Galicia.

Cómpre salientar, ademais, que cinco das seis persoas á fronte dos proxectos financiados están contratados pola Xunta ou co apoio da Xunta. De feito, catro son investigadores distinguidos contratados a través do programa Oportunius e outro forma parte do programa Ramón y Cajal, cuxa contratación complementa tamén o Goberno galego.

O número de axudas do Consello Europeo de Investigación é un dos máis prezados indicadores de excelencia científica de países e rexións e pon de relevancia o talento e o liderado internacional do seu persoal científico. Con 31 investigadores beneficiarios, Galicia é a sexta comunidade autónoma con maior volume de proxectos ERC e a segunda con maior taxa de éxito, é dicir, con maior porcentaxe de propostas efectivamente presentadas en relación ás financiadas.

O Goberno galego leva investidos máis de 22,6M € en apoiar a participación dos investigadores da comunidade nos programas ERC. Por unha banda, desde 2012 asináronse varios convenios coas tres universidades públicas para achegar axudas complementarias para consolidar o vínculo destes investigadores en Galicia, cun importe total que con este novo acordo se eleva máis de 8,8M €.

A maiores, a través do programa Oportunius apóianse todos os gañadores das ERC, os finalistas, así como as propostas avaliadas e os participantes talleres formativos. Isto supuxo un investimento total de máis de 13,8M€ a 2023, desde a posta en marcha en 2014 da iniciativa.

Ámbitos das investigacións financiadas

As universidades destinarán as axudas aprobadas neste Consello a financiar as actividades referidas aos proxectos a cargo destes investigadores, catro deles coordinados pola USC e outros dous pola UDC. No caso da Universidade de Santiago,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

apóíase o proxecto *ProtonMBR*, liderado pola Consolidator Grants Yolanda Prezado, que contribuíu á concepción dunha nova técnica de radioterapia, con mini-faces de protóns. Continúa investigando para reducir as toxicidades e desentrañar dianas moleculares chave para mellorar o índice terapéutico da radioterapia.

Así mesmo, finánciase *PollutedPast*, liderado pola Consolidator Grants Olalla López-Costas, que explora a conexión entre o ser humano e o ambiente no pasado, en concreto, para coñecer o impacto dos metais na vida e saúde das persoas en épocas anteriores.

No que atinxe aos investigadores Starting Grants, o proxecto dirixido por Diego Robledo, *FishTRIM*, investiga a evolución e a función das proteínas TRIM en varias especies de peixes, co obxectivo de entender a súa relevancia biolóxica; mentres que o capitaneado por Manuel Souto, *ELECTROCOFS*, ten como obxectivo deseñar novos eléctrodos redox-activos para o seu uso en baterías recargables.

Os dous proxectos coordinados pola Universidade da Coruña teñen á fronte investigadores Consolidator Grants. O liderado por Daniel Nieto, *HOT-BIOPRINTING*, céntrase na biofabricación e bioimpresión 3D de tecidos e órganos artificiais que repliquen fielmente os tecidos e órganos humanos. Pola súa banda, Jaime Martín Pérez traballa con *PARACRYST* para desvelar a estrutura dos polímeros semicondutores. Alcanzar este coñecemento posibilitará grandes avances no campo da electrónica orgánica para desenvolver células solares orgánicas máis estables e eficientes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O GOBERNO GALEGO DESTINA MÁIS DE 700.000 EUROS A PROGRAMAS E SERVIZOS DAS FEDERACIÓNS DE SAÚDE MENTAL E DE ATENCIÓN A PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL

Este investimento dá continuidade á colaboración con estas entidades do ámbito da discapacidade

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de dous convenios de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Galega de Asociacións de Familiares de Persoas con Enfermidade Mental (Saúde Mental—Feafes Galicia) e a e a Federación Galega de Asociacións de Atención a Persoas con Parálise Cerebral (Aspace Galicia). O Executivo autonómico destinará máis de 700.000 euros durante este ano 2024 a financiar programas e servizos que prestan estas dúas federacións e dos que se benefician arredor de 6.000 persoas.

Estes convenios súmanse aos acordados en recentes Consellos con outras entidades do ámbito da discapacidade, tales como a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (Faxpg), a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT), Down e Autismo Galicia ou Cogami, entre outras. O obxectivo é apoiar o tecido asociativo na atención que presta ás persoas con discapacidade para que gañen en autonomía e mellorar a súa calidade de vida

A Xunta seguirá confiando nas entidades sociais para avanzar cara a unha Galicia máis inclusiva e accesible. Proba disto son os concertos sociais co terceiro sector, cos que se garante a continuidade de máis de 5.000 prazas públicas de atención residencial e diúrna ou o incremento das ordes de axuda para que as entidades adquiran novos vehículos, creen ou amplíen os seus centros e desenvolvan novos programas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCARÁ UNHA NOVA ORDE DE AXUDAS PARA QUE OS CONCELLOS HABILITEN VIVENDAS PARA PERSOAS SEN FOGAR

- Terá un orzamento de case 6 millóns de euros e o obxectivo é rehabilitar entre 80 e 100 inmobles
- O importe máximo por proxecto será de 72.000 euros e financiaranse as actuacións que se realicen entre o 1 de xaneiro deste ano e o 31 de outubro de 2025

A Xunta de Galicia aprobou no Consello de hoxe unha novidosa orde dirixida aos concellos para que poñan vivendas á disposición das persoas en situación de rúa. O orzamento desta liña de subvencións é de 5,7 millóns de euros, financiados con fondos europeos procedentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Esta orde sufragará tanto as obras de rehabilitación como o equipamento de vivendas que os entes locais destinen a persoas sen fogar. O importe máximo por proxecto será de 72.000 euros: 47.000 para os traballos de reforma e acondicionamento, e 25.000 para o equipamento. Financiaranse as actuacións realizadas no período comprendido entre o 1 de xaneiro deste ano ao 31 de outubro de 2025.

O obxectivo é rehabilitar e equipar entre 80 e 100 vivendas a través destas axudas. Unha vez que a convocatoria se publique no *Diario Oficial de Galicia*, os concellos interesados terán un mes de prazo para presentar as súas solicitudes.

Galicia foi pioneira na atención ás persoas sen fogar coa posta en marcha dun plan específico para elas que o Executivo autonómico desenvolveu da man das administracións locais e de entidades de iniciativa social. Este plan dedícalle unha especial atención á área de vivenda, e fixa como obxectivo que as persoas sen teito conten cun fogar como paso inicial e básico para a súa reinserción social.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ ESTE ANO 760.000 EUROS NO SEU PLAN INTEGRAL DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA EN MATERIA DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- Diríxese a vítimas de violencia de xénero, de abuso sexual e a menores agresores que teñan imposta unha medida xudicial
- Engloba catro programas que se desenvolven en colaboración co Colexio Oficial de Psicología de Galicia e as fundacións Alar Galicia e Meniños

O Goberno galego aprobou hoxe destinar 760.000 euros ao longo deste ano 2024 a un Plan integral de atención psicolóxica en materia de violencia de xénero, que engloba distintos servizos especializados e gratuítos neste ámbito dirixidos a vítimas da violencia de xénero, de abuso sexual e a menores agresores que teñan imposta unha medida xudicial. Para desenvolvelo, a Xunta renova a colaboración que mantén co Colexio Oficial de Psicología de Galicia e as fundacións Alar Galicia e Meniños.

O Plan engloba catro programas. Dous deles serán por conta do Colexio Oficial de Psicología de Galicia e consisten na atención a mulleres e menores que sofren violencia de xénero, así como a membros da súa contorna familiar; e nun servizo de quenda de garda especializada e permanente para mulleres e as súas fillas e fillos menores afectados por violencia de xénero.

Así mesmo, por medio da Fundación Alar continuarase co programa Fénix de medidas de prevención e intervención integral con adolescentes e agresores de violencia de xénero que veñen derivados da Fiscalía de menores. E, por último, con Meniños desenvolverase o programa de intervención con mulleres vítimas de abuso sexual e con menores vítimas da violencia de xénero.

Durante este ano 2024 poderán beneficiarse deste Plan integral máis de 1.800 persoas. O obxectivo é seguir mellorando as respostas que, desde as institucións, se proporciona ás vítimas da violencia de xénero e de abuso sexual. A Xunta considera a loita contra a violencia de xénero unha cuestión primordial e destina este ano preto de 24 millóns de euros a esta área, un 15 % máis có exercicio anterior.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA MELLORA AS REDES DE DISTRIBUCIÓN ELÉCTRICA DOS PARQUES EMPRESARIAIS GALEGOS CUN INVESTIMENTO DE 3,1M€

- As axudas, concedidas en réxime de concorrencia competitiva, permitirán cubrir con seguridade e calidade as demandas enerxéticas de empresas xa instaladas e de futuras industrias que poidan albergar os parques empresariais de cinco concellos galegos
- Como novidade, a convocatoria deste ano muda a súa periodicidade e pasa de ser bianual a convocarse en tres anualidades, para facilitar aos beneficiarios tanto a tramitación como a execución das actuacións que se van realizar

O Consello da Xunta avaliou na súa reunión desta mañá a resolución da orde de axudas destinada ao reforzo e á extensión das redes de distribución eléctrica que dan servizo aos parques empresariais da Comunidade. Un total de 5 concellos recibirán 3,1 millóns para levar a cabo estas actuacións: O Corgo, Ribeira, Gondomar, Tordoia e Ordes.

Estas axudas están destinadas a dotar os parques empresariais que o necesiten das infraestruturas de distribución de enerxía eléctrica necesarias para atender con seguridade e calidade as necesidades das empresas xa instaladas, así como daquelas que poidan asentarse no futuro. Deste xeito, a Xunta contribúe a apoiar os concellos galegos e pretende ser, ademais, un impulso para a captación de investimentos en Galicia.

Os apoios son de concorrencia competitiva e terán unha intensidade do 80 % ata un límite máximo de 1M€ por solicitante. Prevense, ademais, anticipos de ata o 50 % da axuda concedida. Esta orde conta con dúas liñas de apoio. Unha primeira para aqueles proxectos que obtiveron axuda na convocatoria 2022-2023 e cuxos solicitantes tiveron que renunciar a ela por non obter as autorizacións e executar os proxectos en prazo. E unha segunda liña para novos proxectos.

Así mesmo, e como novidade con respecto a anteriores edicións, a convocatoria deste ano amplía a súa periodicidade e pasa de ser bianual a convocarse en tres anualidades co fin de facilitar aos concellos beneficiarios tanto a tramitación das autorizacións necesarias para levar a cabo os traballos como a propia execución das actuacións apoiadas. Deste xeito, os prazos de xustificación serán tres: ata o 31 de outubro deste ano para aqueles investimentos realizados ata esa data; ata o 31 de outubro de 2025, para as actuacións realizadas entre o 1 de novembro de 2024 e o 31 de outubro de 2025 e, finalmente, ata o 31 de outubro de 2026, para os proxectos executados entre o 1 de novembro de 2025 e o 31 de outubro de 2026.

Xunto con estas axudas, o Goberno galego seguirá executando en 2024 os apoios concedidos para a posta en marcha de viveiros industriais e para a mellora de infraestruturas dos parques empresariais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN VALOR O POTENCIAL MINEIRO DA COMUNIDADE GALEGA CO IMPULSO AO PRIMEIRO PLAN DE DESENVOLVEMENTO DE DEREITOS MINEIROS DE GALICIA

- A Consellería de Economía e Industria arranca coa primeira fase, logo de realizar unha análise pormenorizada de todos os dereitos mineiros caducados que hai na comunidade coa finalidade de fomentar a investigación sustentable destes recursos para o seu posterior aproveitamento e reducir a dependencia do exterior de materias primas fundamentais
- O Goberno galego atende unha das principais reivindicacións do sector dos últimos anos e lembra que a rexión é rica en materias primas fundamentais para a economía mundial e sen as que a maioría dos sectores da sociedade non poderían funcionar
- Galicia conta cos únicos xacementos coñecidos de, entre outros, cobalto, tántalo ou niobio, minerais necesarios para a fabricación de vehículos eléctricos, condensadores para móbiles ou ordenadores e mesmo para aparellos médicos como os escáneres

O Consello da Xunta deu conta esta mañá do inicio dos traballos do primeiro Plan de desenvolvemento dos dereitos mineiros de Galicia. Unha iniciativa coa que o Goberno galego aspira a impulsar a investigación de materiais minerais fundamentais para sectores estratéxicos da economía de cara ao seu futuro aproveitamento. A Consellería de Economía e Industria atende deste xeito unha das principais reivindicacións do sector mineiro galego, ao tempo que Galicia se alíña coa normativa comunitaria que busca reducir a dependencia do exterior das materias primas fundamentais, a simplificación administrativa e o fomento da innovación ao longo de toda a cadea de valor.

Os novos modelos industriais para conseguir unha economía descarbonizada e dixitalizada requiren de materias primas e procesos de produción eficientes nos que a industria mineira xoga un papel clave como provedora para actividades como a metalurxia, a mobilidade, a automoción, a electrónica, a construción, a agricultura, a gandería ou o téxtil.

Neste escenario, e seguindo a folia de ruta da Axenda de impulso da minería sostible de Galicia 2030, o Goberno galego aspira a converter o sector da minaría nun aliado estratéxico para a modernización das principais cadeas de valor industrial, asegurando que o proceso de transición ecolóxica e dixital actual se abastece de maneira sustentable con recursos minerais autóctonos.

Porén, a Xunta activa este plan que a Consellería de Economía e Industria prevé desenvolver en varias fases. A primeira delas arranca coa análise preliminar sobre os dereitos caducados atendendo a aspectos como a clase de recurso ou o tipo de dereito. Nomeadamente, permiso de exploración, de investigación, de concesión directa de explotación e de concesión de explotación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nas fases posteriores, definiranse os dereitos e os criterios de baremación dos concursos e se procederá á súa convocatoria, na que aquelas empresas interesadas poderán solicitar nun primeiro momento permisos de investigación que lles permitan determinar o potencial do subsolo e, posteriormente, e de ser o caso, solicitar a concesión de explotación para poñer en marcha proxectos mineiros que empreguen métodos de extracción e produción respectuosos co ambiente.

A Comunidade galega posúe un enorme potencial na extracción de minerais considerados estratéxicos pola súa importancia en sectores fundamentais da economía. Produtos de uso cotiá como o móbil, o vidro, o automóbil eléctrico ou os escáneres de uso médico están elaborados con estes materiais cuxa subministración se agarda creza de maneira exponencial, pero que presentan un risco importante de desabastecemento. Cómpre lembrar que Galicia conta con recursos naturais minerais de enorme valor como o cobre, o magnesio, o silicio metálico, o antimonio, o titanio, o wolframio, o platino, o litio, as terras raras, o cobalto, o tántalo e o niobio. Destes tres últimos minerais, a comunidade galega é a única rexión europea na que se ten detectado a súa presenza ata a data. Así mesmo, o barito e o grafito son outros minerais que se teñen identificado na comunidade.

O sector mineiro é un sector estratéxico para Galicia: supón o 1,2 % do PIB galego e representa o 8,2 % da produción mineira de España. Galicia, ademais, é líder na produción de rocha ornamental a nivel nacional, como tamén na de granito e cuarzo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOSTA POLA COLABORACIÓN PARA FACILITAR AO TECIDO PRODUTIVO GALEGO O ACCESO A NOVAS OPORTUNIDADES DE NEGOCIO INTERNACIONAIS

- A Consellería de Economía e Industria, xunto coa Confederación de Empresarios de Galicia, activa un novo servizo de licitacións para identificar oportunidades de internacionalización para as empresas galegas, facilitando as ferramentas necesarias para poder acceder a contratos e proxectos en novos mercados
- As actuacións céntranse no asesoramento e no seguimento de licitacións internacionais, a captación de novas empresas interesadas e a creación dunha rede de contactos entre empresas e organismos internacionais
- O plan de actuacións recolle tamén accións formativas e informativas en materia de licitacións, en eidos específicos como a xestión, xurídicos, económicos ou financeiros

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un novo acordo de colaboración entre a Xunta e a Confederación de Empresarios de Galicia que busca poñer ao dispor do tecido produtivo galego información sobre a apertura de concursos internacionais, abrindo novas oportunidades de negocio para as empresas e aumentando a probabilidade de éxito nas licitacións ás que se presenten.

Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, cooperará co tecido empresarial para dar a coñecer as oportunidades de negocio existentes, os procedementos de licitación e as fontes de información, avaliando as capacidade licitadoras das empresas e asesorándoas na procura de socios internacionais e locais, así como de expertos para o impulso dos proxectos.

Non en van, estes procesos de licitación configúranse como unha vía de internacionalización da empresa galega e abren o acordo á posibilidade de participar neles, especialmente ás pemes. Para acadalo, prevense tres liñas de actuación: a identificación de oportunidades de negocio da man do servizo de procura de licitacións; o fortalecemento de capacidades e dotación de recursos para as empresas galegas; e a promoción das licitacións multilaterais no tecido empresarial galego.

Neste contexto, as accións irán encamiñadas ao asesoramento e ao seguimento de licitacións internacionais, á captación de novas empresas interesadas e á creación dunha rede de contactos entre empresas e organismos internacionais.

Así mesmo, o plan de actuacións recolle tamén accións formativas e informativas en materia de licitacións, en eidos específicos como a xestión, xurídicos, económicos ou financeiros.

Este servizo de licitacións internacionais enmárcase na Estratexia de internacionalización que está a promover a Xunta de Galicia, e que inclúe entre as súas

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

liñas de actuación achegar ao tecido empresarial información adecuada para levar a cabo procesos de internacionalización.

Así mesmo, e no marco da mesma estratexia, a Xunta ten en marcha outras iniciativas como o Foexga, que impulsa plans de misións comerciais en colaboración coas cámaras de comercio galegas; ou as axudas para a contratación de xestores de internacionalización, que complementan a recente convocatoria das bolsas que permite ás pemes contratar profesionais con formación ou experiencia en comercio exterior.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APROBA A ESTRATEXIA GALEGA DE SOLO RESIDENCIAL PARA A CONSTRUCCIÓN DE 20.000 VIVENDAS PROTEXIDAS

- Salienta que esta iniciativa enmárcase na aposta do Goberno galego por ampliar a oferta de inmobles co compromiso de “dobrar o parque residencial público nesta lexislatura”
- Resalta que se destinarán máis de 43 M€ para levar a cabo a primeira fase desta Estratexia na que terá lugar a adquisición de solo e a redacción de proxectos de urbanización
- O obxectivo é planificar o desenvolvemento de solo residencial para a construción de vivenda protexida e ata 5.000 inmobles libres
- Prestarase especial atención á promoción da vivenda destinada á xente moza, buscando as características que se adapten ás súas necesidades

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello aprobou na súa reunión semanal a Estratexia Galega de Solo Residencial para “impulsar a construción de 20.000 vivendas protexidas e outras 5.000 libres”.

Unha iniciativa que se enmarca na aposta do Goberno autonómico de ampliar a oferta de vivenda na comunidade co compromiso de “dobrar o parque residencial público nesta lexislatura, para pasar das 4.000 actuais a 8.000 vivendas”, salientou Rueda, quen lembrou que a Xunta vai poñer en marcha a construción de “400 novos inmobles” nos primeiros 100 días de Goberno.

A nova estratexia, segundo apuntou o presidente, suporá destinar na primeira fase un investimento total de “máis de 43,2 millóns de euros” para “a adquisición de solo e redacción de proxectos de urbanización”.

A programación desenvolverase en dúas fases. Na primeira, entre 2025 e 2028, abordarase a planificación, a adquisición de solo, a redacción de proxectos e os acordos con concellos. Posteriormente, en canto estea xa avanzada esta primeira etapa arrancará a segunda, relativa á execución das obras de urbanización, a comercialización das parcelas e á execución das edificacións.

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, indicou que “a previsión é acadar 3,3 millóns de metros cadrados de solo” e destacou que o chan urbanizado se destinará á construción de vivenda de promoción pública, que levará a cabo o Instituto Galego de Vivenda e Solo, e de promoción autonómica, que abordarán promotores e cooperativas.

Para as 20.000 vivendas protexidas recollidas na Estratexia, estímase unha distribución territorial de 4.320 vivendas na área urbana da Coruña; 1.600 nas de Lugo e de Ourense, respectivamente; 1.760 na de Pontevedra; 7.360 na área urbana de Vigo; 2.000 na de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Santiago; 960 na de Ferrol e 400 en Vilagarcía de Arousa. Tal e como apuntou a conselleira, estas sete grandes cidades, xunto coa comarca do Salnés foron os lugares “onde máis demanda rexistrou o estudo urbanístico realizado”.

Hai que destacar que deste total de vivendas, parte xa está en fase de desenvolvemento, de xeito que 3.452 xa están planificadas nas áreas urbanas da Coruña (500); Lugo (370); Vigo (1.600) e Ferrol (982), mentres que as restantes 21.548 se planificaran no marco da posta en marcha da estratexia.

Desenvolvemento das fases

Na etapa de planificación da primeira fase, será o Instituto Galego de Vivenda e Solo o que delimitará ámbitos de actuación con destino maioritario á construción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública naquelas localidades en que estea acreditada unha forte demanda a través do Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade e establecerá unha planificación dos solos que van desenvolver as localidades, que están centrados nas grandes cidades.

Para a determinación das áreas onde é necesario acometer de forma urxente estas actuacións utilizarase o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e os criterios e obxectivos xerais das directrices de ordenación do territorio que identifican as rexións e áreas urbanas. Terase en conta a idoneidade das zonas de actuación respecto da súa situación na cidade e as prescricións do plan xeral para cada sector. Ademais, nesta fase de planificación, prestarase especial atención á promoción da vivenda destinada á xente moza, buscando as características que se adapten ás súas necesidades.

Os concellos poderán participar no impulso e desenvolvemento destas actuacións achegando unha parte dos fondos necesarios para a súa execución e obtendo o solo que proporcionalmente lles corresponda con base na súa achega.

Os seguintes pasos da primeira fase serán a “redacción e tramitación”, por parte do IGVS, dos proxectos de interese autonómico, que serán aprobados polo Consello da Xunta, e a posterior adquisición do solo do ámbito.

Para a segunda fase da Estratexia quedará a tramitación dos proxectos de urbanización, que serán autorizados pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, logo da audiencia aos concellos afectados, e a posterior licitación das obras de urbanización.

Unha vez iniciadas estas, realizarase, tal e como apuntou Martínez Allegue, o correspondente “concurso público de adxudicación de solo”, ao que poderán concorrer os promotores e cooperativas para a construción de vivendas de protección autonómica de réxime especial, xeral ou concertado, e no que as ofertas se poderán presentar para adxudicación de solo en compra ou en dereito de superficie. O solo para vivenda libre

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

tamén se ofertará en concurso público por un prezo fixado conforme unha taxación realizada con base en prezos de mercado.

As promotoras adjudicatarias deberán realizar as obras de edificación nun prazo máximo de tres anos, mentres que o IGVS iniciará en tres anos desde o remate das obras de urbanización á construción das vivendas de promoción pública nas parcelas reservadas para ese fin.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE CAFETARÍA DOS HOSPITAIS PÚBLICOS DA CORUÑA PARA O PERSOAL, OS USUARIOS E FAMILIARES DOS PACIENTES

- O contrato é por un período de catro anos, cunha posible prórroga por outro máis
- Para a adxudicación do contrato estableceranse criterios que permitan determinar a mellor oferta, tales como o prezo dos produtos da cafetaría

O Executivo galego autorizou hoxe, na súa reunión semanal, a contratación de concesión de servizos para a explotación da cafetaría do Hospital Público Universitario da Coruña, sita no 4ª andar do edificio oeste; da cafetaría do Hospital Marítimo de Oza; da cafetaría do Hospital Abente e Lago, e da cafetaría do Centro de Especialidades do Ventorrillo, todas elas dependentes da área sanitaria da Coruña e Cee. O contrato sae a licitación por un valor estimado de 10.567.508 euros e un período de catro anos, máis unha posible prórroga de un ano.

Este valor estimado fai referencia ao importe da cifra de negocios que xerará a empresa concesionaria durante a execución do contrato, tendo en conta os ingresos ponderados de períodos anteriores e considerando o exposto no plan de viabilidade.

A razón desta contratación é satisfacer a prestación dun servizo de cafetaría-comedor para o persoal destes centros, os usuarios, os familiares e acompañantes dos pacientes que reciban asistencia nestas instalacións sanitarias.

Para poder elaborar as súas propostas, os interesados poderán visitar os locais e espazos obxecto da contratación, solicitándoo previamente mediante correo electrónico ao Servizo de Contratación da Área Sanitaria da Coruña e Cee: contratacion.asacec@sergas.es

Para a adxudicación do contrato estableceranse criterios que permitan determinar a mellor oferta, estando estes directamente vinculados ao obxecto do contrato, tales como os prezos dos produtos da cafetaría, o canon anual ofertado, que deberá igualar ou superar o mínimo establecido de 54.200 euros/ano, ou o importe do investimento que se vai realizar nos locais destinados ás cafeterías.

De acordo co principio de eficiencia básico e reitor da contratación do sector público, a licitación conxunta permite a mellora das condicións económicas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTIVA 2M€ EN AXUDAS PARA ATRAER NOVAS RODAXES A GALICIA

- O Consello aproba as bases destas subvencións, coas que se lle dá continuidade ao fondo para filmacións da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude
- Desde a súa posta en marcha, o Hub Audiovisual Industria Cultural colaborou con 90 entidades e xerou un retorno económico de 32,3 M€ a partir dun investimento público de 9,6 M€ no trienio 2021-2023

O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases da nova convocatoria de axudas para fomentar a atracción de rodaxes a Galicia, dotadas con 2.000.000 euros. Dáselle así continuidade ao fondo para filmacións posto en marcha inicialmente como parte das medidas do Hub Audiovisual Industria Cultural Galega, o programa extraordinario de apoio ao sector desenvolvido durante o trienio 2021-2023 e do que tamén hoxe se presentou o informe de resultados na reunión do Goberno galego.

Durante este período canalizáronse a través do Hub 9,6 millóns de euros ás industrias culturais e creativas galegas co fin de contribuír á súa recuperación económica tras a pandemia e á súa adaptación aos novos modelos de negocio e consumo cultural. Segundo este resumo final, o devandito investimento traducíuse nun retorno económico de 32,3 millóns de euros, dos que 22,1 millóns foron xerados a partir dos 2,78 millóns adxudicados en dúas convocatorias para atraer rodaxes a Galicia.

Esta liña de axudas á filmación confirmábase, pois, como a de maior impacto económico das nove publicadas ao abeiro do Hub, feito polo que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude decidiu darlle continuidade máis alá deste programa extraordinario. Deste xeito, en 2024 pasa a incorporarse ao plan anual de subvencións autonómicas ao sector como eixo principal da estratexia para converter Galicia en destino referente para as rodaxes de produtoras internacionais.

O informe elevado hoxe ao Consello reúne os principais fitos económicos do conxunto das medidas postas en marcha polo Hub Audiovisual Industria Cultural Galega, financiado con cargo ao Fondo REACT da Unión Europea, que foron deseñadas en diálogo permanente cos principais axentes culturais implicados.

Entre 2021 e 2023, 90 entidades culturais públicas e privadas foron beneficiarias das súas nove liñas de subvencións para levar a cabo 109 proxectos culturais: nove rodaxes de filmes e series, 64 preproduccións audiovisuais, preto de 600 concertos con máis dun centenar de grupos e artistas galegos implicados, a produción de diversas obras musicais, aplicacións de xestión cultural, desenvolvemento de videoxogos, actividades de exhibición cinematográfica ou dotación de equipamentos en máis de 39 entidades, entre outras accións. A esta actividade súmase, ademais, o desenvolvemento do proxecto da Galicia Film Commission e a dixitalización de fondos do arquivo da Filmoteca de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Impacto económico e laboral

En canto ao seu impacto económico, cuantificado polo equipo POSMARK (Persoas, Organizacións Sostibles e Márketing) da Universidade de Santiago de Compostela, o Hub implicou un incremento da produción económica en Galicia de case 32,3 millóns de euros e contribuíu a crear 777 postos de traballo equivalentes, tanto director como indirectos, a tempo completo. No caso concreto do fondo para a atracción de rodaxes, os 2,78 millóns de euros adxudicados supuxeron a xeración dunha actividade económica de 22,1 millóns de euros e de 651 postos de traballo por parte das nove rodaxes subvencionadas.

O Consello da Xunta aprobou tamén hoxe as bases que rexerán a nova convocatoria destas axudas para filmacións, nas que se introducen unha serie de modificacións respecto ás realizadas no marco do Hub Audiovisual. Entre elas, a súa apertura a calquera produtora do espazo económico europeo, pero mantendo unha especial protección das empresas galegas, para as que se establecen condicións máis vantaxosas.

Outras das novidades teñen que ver coa automatización da súa concesión, que pasa a xestionarse en réxime de concorrencia non competitiva, a ampliación do período mínimo de filmación en Galicia de dúas a catro semanas ou a exigencia de que cando menos un 40 % do orzamento subvencionable sexa destinado a gastos de persoal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA 10 BOLSAS PARA PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES DO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

- As iniciativas de estudo afondarán na fraseoloxía galega, nas Cantigas de Santa María ou nos recursos para o desenvolvemento das tecnoloxías da fala
- Incrementase a contía das bolsas á 1.100 euros brutos mensuais
- Os bolseiros realizarán a formación desde o 1 de decembro deste ano ata o 30 novembro de 2026

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á convocatoria de 10 novas bolsas de formación no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Cun investimento de 266.414 euros, esta convocatoria enmárcase no compromiso do Goberno autonómico coa investigación lingüística, literaria, histórica e antropolóxica sobre a lingua propia de Galicia, co fin de avanzar na súa normalización e promover o seu uso en todos os eidos profesionais e sociais.

Nesta ocasión, as bolsas permitirán que os investigadores afonden nos seguintes proxectos de investigación: *Bibliografía da literatura galega, Fraseoloxía galega, Corpos de referencia do galego actual (CORGA), Cantigas de Santa María, Prosa literaria medieval, Terminoloxía científica-técnica, Recursos para o desenvolvemento da tecnoloxías da fala; Base de datos do ALIR, Diccionario de literatura e Literatura infantil e xuvenil.*

Con esta liña de axudas, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude busca fomentar a capacitación dos titulados universitarios, promovendo ao mesmo tempo o ensino, a cultura e a investigación en lingua galega. Neste contexto, o Centro Ramón Piñeiro, como centro investigador de referencia en estudos de investigación filolóxicos, literarios e antropolóxicos, está a potenciar o prestixio crecente da lingua galega, fomentando liñas de actuación que favorecen os traballos de investigación nestes eidos, así como a súa difusión no exterior.

Incremento da contía das bolsas

Como novidade nesta convocatoria está o incremento da contía por bolsa, que será de 1.100 euros brutos mensuais, incluídos os custos da Seguridade Social, fronte á de 2023 que era de 990 euros ao mes.

Poderán solicitar as axudas as persoas licenciadas ou graduadas universitarias nas titulacións exixidas no proxecto para o que presenten a súa solicitude. Ademais, deberán acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4; non resultar beneficiario dunha bolsa en concursos anteriores ou contratos do Centro Ramón Piñeiro; e posuír unha nota media no seu expediente académico igual ou superior a 6,5 puntos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As solicitudes serán avaliadas por unha comisión específica, que terá en conta os méritos acreditados documentalmente por cada un dos solicitantes, considerando especialmente a nota media do expediente académico, a súa formación complementaria, a presentación de comunicacións e congresos relacionados coa bolsa ou as publicacións relacionadas coa especialidade da investigación.

A data estimada de comezo será o 1 de decembro de 2024 e rematarán o 30 de novembro de 2026. Con todo, a data de incorporación ao centro establecerase na notificación da adxudicación da bolsa.

Investigación en Humanidades

O Centro Ramón Piñeiro é un organismo dependente da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades cuxa misión é promover a formación e capacitación das persoas das persoas universitarias a través de convocatorias públicas para a investigación e o estudo de programas no ámbito de humanidades.

Actualmente, as súas liñas de traballo xiran arredor da lingüística aplicada, a literatura medieval, a recuperación de publicacións literarias ou a identidade colectiva, ademais de centrarse na dixitalización do coñecemento, co propósito de ofrecer recursos dixitais e ferramentas que permitan poder compartilos e difundilos e acceso libre.

Desde a súa fundación, hai 27 anos, pasaron máis de 500 investigadores ou bolseiros que formaron parte dos diferentes proxectos de investigación impulsados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUMENTA OS APOIOS AOS OBRADOIROS ARTESÁNS GALEGOS PARA QUE ABRAN NOVOS MERCADOS E AUMENTEN VENDAS EN FEIRAS DE ÁMBITO NACIONAL E INTERNACIONAL

- O Consello do Goberno galego tomou razón hoxe da convocatoria da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para o fomento da comercialización da artesanía, cun orzamento de 265.000 euros dos que 180.000 serán para os artesáns e artesás
- Así, a orde apoia a asistencia destes profesionais a feiras de todo o mundo, ademais de financiar a organización destes eventos desde concellos ou asociacións de artesáns
- A orde -que en 2023 acadou case 80 entidades beneficiarias- responde á importancia do sector en Galicia tanto no plano social e cultural como no económico
- Nesa liña, a Xunta tamén organiza feiras con renome como o 'XI Corazón da Artesanía' que se celebrará en xullo nos Pendellos de Agolada e que foi recoñecida co Premio Nacional de Artesanía 2023 na categoría Promociona para Entidades Públicas
- A maiores, o Goberno autonómico ten en marcha outras medidas a prol da artesanía, como o programa pioneiro 'Aprender da tradición. Oficios e técnicas' que busca captar novos talentos que aseguren o futuro do sector artesanal

O Consello da Xunta tomou razón hoxe da convocatoria da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para o fomento da comercialización da artesanía que, neste 2024, incrementa o seu apoio aos obradoiros artesáns para que poidan asistir a feiras de calquera ámbito territorial e abrir novos mercados ao tempo que incrementan as súas vendas e aseguran a viabilidade dos seus proxectos empresariais. Así, dos 265.000 euros de orzamento cos que conta esta orde que se publicará nos próximos días, 180.000 euros (case un 68%) están destinados aos artesáns e artesás de Galicia.

A convocatoria -que tamén beneficia os concellos e as asociacións de artesáns- responde á importancia deste sector na nosa comunidade, non só nun plano social ou cultural senón tamén no que respecta á xeración de emprego e riqueza. A artesanía abrangue, ademais, unha ampla variedade de oficios, o que se traduce nunha oferta produtiva moi diversificada que pode responder de xeito eficaz ás demandas do mercado actual.

Así, cómpre dar continuidade ás medidas de fortalecemento do sector artesan galego que require, entre outras actuacións, do acceso a novos mercados e clientes tanto nacionais como internacionais, así como da promoción en feiras e novas canles de comercialización.

Detalle da convocatoria

A través desta orde, a Xunta apoia a asistencia a feiras profesionais ou non profesionais de artesanía, de ámbito nacional e internacional, por parte de obradoiros artesáns da nosa comunidade, financiándolles cuestións como o alugueiro do espazo expositivo,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

seguros, servizos de carácter básico e obrigatorios sinalados polo regulamento das feiras, servizos de tradución e transporte profesional do material expositivo, entre outros.

Os obradoiros beneficiarios poderán recibir unha subvención máxima de 8.000 euros a través de tickets por feira, que irán dos 400 euros de mínimo en feiras non profesionais aos 3.000 euros de máximo en feiras profesionais, pasando polos 1.500 euros para feiras de Nadal.

Así mesmo, outórganse axuda a concellos e asociacións profesionais ou empresariais de artesáns e artesás para que organicen feiras en Galicia que poñan en valor os distintos oficios ao tempo que os obradoiros implicados aumentan vendas. En concreto, subvenciónanse gastos de infraestrutura, servizos feirais e de publicidade, entre outros.

Os concellos poderán recibir unha axuda máxima de 15.000 euros, sendo esta a cantidade fixada para as feiras monográficas de artesanía. Se non son monográficas, o importe varía segundo os obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia que participen. No caso das asociacións de artesáns, poden chegar aos 18.000 euros de achega con feiras de 30 obradoiros involucrados e tamén poden optar a apoios para manter as súas páxinas web, maiores segundo o número de inscritos de Artesanía de Galicia que representen.

Cómpre engadir que o ano pasado se beneficiaron desta convocatoria un total de 78 entidades, practicamente a totalidade delas obradoiros artesáns que puideron grazas ás achegas asistir a feiras nacionais e internacionais para impulsar os seus proxectos.

Compromiso da Xunta coa artesanía

Máis aló da asistencia e da organización de feiras que se financia con esta orde, a Xunta organiza pola súa banda eventos deste tipo con renome como o *XI Corazón da Artesanía. Encontro da Artesanía Tradicional e Popular de Galicia*, que se vén de presentar e que se celebrará os días 5, 6 e 7 de xullo no recinto histórico-artístico dos Pendellos de Agolada. Unha iniciativa que foi recoñecida co Premio Nacional de Artesanía 2023 na categoría Promociona para Entidades Públicas.

Este evento serve de punto de encontro para prescritores de pequenas e grandes firmas e tendas galegas e nacionais. Na edición deste ano está prevista a participación de 53 profesionais da Artesanía de Galicia, 36 como expositores e outros 14 artesáns que participarán como docentes nos cursos de formación especializada e talleres abertos, entre os que se atopan sete obradoiros que participan neste evento por primeira vez. En canto aos expositores de produtos *gourmet*, este ano estará presente a oferta de 32 empresas, 19 das cales contan co selo de Artesanía Alimentaria.

A maiores, o Goberno autonómico está a desenvolver unha estratexia para garantir a remuda xeracional no sector artesanal galego, como vertebrador do territorio e fixador

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de poboación especialmente na Galicia non urbana. Dentro desa estratexia, estase a potenciar o programa único en España *Aprender da tradición. Oficios e técnicas*.

En concreto, arredor dun cento de persoas teñen participado ata o de agora nas distintas accións de formación continua programadas para conservar e renovar técnicas e oficios tradicionais e para captar novos talentos que aseguren o futuro da artesanía galega, téndose acadado xa -en menos dun ano de traballo- a incorporación efectiva de alumnado participante ao mercado laboral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DESTINA 2,9 MILLÓNS DE EUROS Á ADQUISICIÓN DE DÚAS NOVAS PATRULLEIRAS LIXEIRAS PARA GARDACOSTAS

- A Consellería do Mar acada deste xeito a substitución de seis das oito patrulleiras lixeiras das que dispón o servizo autonómico e unha patrulleira de altura nun período de oito anos e cun investimento total de máis de 13 millóns de euros
- As novas embarcacións relevan ás patrulleiras *Serra de Faro* IP-122 e *María de Pazos* IP-123, con base en Portonovo e Portosín respectivamente, cunha antigüidade que ronda os vinte anos
- É un fito máis na renovación da frota coa que conta Gardacostas de Galicia, un servizo único no marco autonómico, operativo as 24 horas os 365 días do ano que permitiu socorrer desde a súa creación a máis de 1.800 persoas

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a formalización do contrato de subministración de dúas embarcacións patrulleiras lixeiras para o Servizo de Gardacostas de Galicia. O contrato coa empresa Astilleros Polinámica S.L. ascende a 2,9 millóns de euros e está cofinanciado nun 70 % pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (Fempa) 2021-2027. Deste xeito a Consellería do Mar continúa afondando no proceso de renovación parcial da frota deste servizo no que leva investidos desde o 2018 máis de 13 millóns de euros no reemprazo de seis das oito embarcacións lixeiras que hai operativas na actualidade e unha patrulleira de altura *Mar de Galicia*, que substituíu á embarcación *Paio Gómez Chariño*.

A primeira embarcación deberá ser entregada, segundo o prego de condicións, nun prazo de 14 meses e a segunda nun prazo de 21 meses a partir da sinatura do contrato. Ambos os buques teñen como destino a substitución das patrulleiras *Serra de Faro* IP-122 e *María de Pazos* IP-123, con base en Portonovo e Portosín, respectivamente, e que constan cunha antigüidade que ronda os vinte anos. Os novos buques serán de tipo monocasco cabinados de poliéster reforzado con fibra de vidro, con acabados do máis alto nivel de calidade. Contarán con 18 metros de eslora e poderán alcanzar nas probas de mar oficiais, e cun desprazamento da media carga, unha velocidade de 34 nós.

Este contrato supón un novo fito na renovación da frota coa que conta Gardacostas de Galicia, un servizo único no ámbito autonómico, operativo as 24 horas os 365 días do ano que permitiu socorrer desde a súa creación a máis de 1.800 persoas. A maioría das intervencións están relacionadas con remolque doutros buques que están á deriva, tanto de pesca como de recreo, por avaría ou outras causas, a recollida de materiais que resulten perigosos para a navegación, e a busca e rescate de persoas desaparecidas ou en perigo. Nos últimos dous anos foron atendidas ao redor dun centenar.

Tamén desempeñan labores de loita contra o furtivismo co dobre obxectivo de garantir que os produtos pesqueiros que chegan ao consumidor proveñan de canles legais e con todas as garantías para o seu consumo, así como evitar a actividade irregular no sector profesional. No ano 2023 incrementáronse o número de inspeccións ata rondar as 11.000

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

descendendo, por outra banda, nun 7,24 % o número de infraccións nas que se decomisaron 58,53 toneladas de peixe e marisco.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A IV ENQUISA DE CONVIVENCIA ESCOLAR CONSTATA UNHA MELLORA NO CLIMA NAS AULAS E CASE O 90 % CONSIDERAN QUE OS CONFLITOS SON POUCO FRECUENTES

- Segundo o informe elevado ao Consello da Xunta, aumenta en todos os colectivos a percepción de que a convivencia mellora en comparación cos anos anteriores
- Medra a porcentaxe de estudantes que afirma non ter padecido nin cometido condutas negativas, percepción compartida polas familias
- Máis do 90 % dos alumnos consideran que o seu é un centro inclusivo, onde todo o mundo é benvido, e a maioría da comunidade educativa amosa tolerancia cero coa discriminación e a desigualdade
- Trátase do maior estudo que se fai en Galicia nesta materia e ten unha fiabilidade do 99 %, co procesamento de 43 millóns de datos de máis de 172.000 enquisas
- A Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025 ampliarase o vindeiro curso con medidas como o reforzo das escolas de nais e pais e un plan de coeducación

O clima de convivencia nas aulas galegas segue mellorando. Así se reflicte no informe de resultados da IV Enquisa de Convivencia Escolar e Hábitos Sociais, elevado hoxe ao Consello da Xunta, segundo o que preto do 90 % dos enquisados consideran que os conflitos son pouco frecuentes e non representan un problema xeneralizado. En xeral, obsérvase un aumento en todos os colectivos da percepción en relación coa mellora da convivencia escolar en comparación cos resultados de anos anteriores.

Trátase do maior estudo que se fai en Galicia nesta materia e ten unha fiabilidade do 99 %. O cuestionario dirixiuse ao profesorado, alumnado a partir de 5º de Primaria ata Bacharelato e FP, persoal non docente e familias. Participaron 172.544 persoas e procesáronse 43 millóns de datos, o dobre da edición anterior, dado que se sumaron novos apartados. Ademais, por primeira vez incluíronse preguntas para coñecer hábitos sociais relacionados co uso das novas tecnoloxías, os roles de xénero ou vocacións, entre outros aspectos. Todos os detalles do informe de diagnose realizado a partir da enquisa presentaranse este martes no Consello Galego para a Convivencia Escolar.

No camiño cara a un sistema educativo cada vez máis inclusivo, a enquisa de diagnose da convivencia 2023 volve incluír un cuestionario pictográfico para facilitar a participación dos escolares que precisan asistencia. Ante a pregunta de como se sente non centro, preto dun deste alumnado 90 % manifesta sentirse feliz ou moi feliz.

Conflitos e espazos

Os principais conflitos de convivencia percibidos polo alumnado son non deixar dar clase (32,4 %), faltar á clase sen causa xustificada (31,9 %), agredir verbalmente (31 %), chegar tarde á clase (29,2 %), dicir mentiras sobre alguén (25,3 %), poñer alcumes ou rirse doutro (24,3 %) e ameazar ou insultar (21,7 %).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre os conflitos menos habituais están agredir fisicamente (12,4 %), consumir drogas (alcohol, tabaco... 12,2 %), entrar e saír da clase sen permiso (11,1 %), roubar diñeiro ou material (10,7 %), provocar, ridicularizar ou insultar o profesorado (9,32 %), ameazar ou insultar usando as TIC (8,8 %), acosar ou ciberacosar por ordenador ou móbil (7,7 %), non cumprir as normas de convivencia do centro (3,6 %) e observar actos vandálicos con danos no centro (2,3 %).

En canto aos espazos e momentos onde se producen os conflitos, para o alumnado de ensinanzas obrigatorias o recreo é o momento no que máis se producen, mentres que os estudantes de maior idade consideran que os arredores do centro é o lugar onde tenden a xurdir con máis frecuencia.

Resolución pacífica

A resolución pacífica dos conflitos constitúe un factor de calidade na educación e un aspecto moi relevante na mellora da convivencia escolar e neste apartado cómpre destacar o papel do profesorado titor. Non en balde, a forma máis habitual de resolución de conflitos que adopta o alumnado é falando coa persoa titora individualmente (62,8 %), seguida de falar entre todos (43,4 %).

Pola súa banda, o 88,5 % do profesorado consultado manifesta que adoita resolver os conflitos dialogando para intentar chegar a acordos ou tratando o conflito entre todos (76,5 %). No caso das familias, máis dun 90 % das familias consultadas afrontan a resolución de conflitos acudindo ao profesorado.

Menos condutas negativas

Ademais, medra a porcentaxe de alumnos que afirma non ter padecido condutas negativas, case un 73 %, fronte ao 70 % da enquisa anterior. A mellora do clima escolar dáse tanto nas ensinanzas postobligatorias, cun 82,7 % de rapaces que non sentiron este problema, fronte ao 75,9 % de 2021, como nas ensinanzas obrigatorias, o 71,3 %, fronte ao 68 % de 2021.

Así mesmo, aumenta a porcentaxe de estudantes que declara non manter condutas negativas. Deste xeito, afirman non ter este patrón de comportamento o 85,3 % dos alumnos (no 2021 foi máis do 80 %). O 84,4 % dos alumnos de ensinanzas obrigatorias di non cometer condutas contrarias á convivencia, fronte ao 83,6 % da enquisa anterior; así como o 89,9% dos de ensinanzas postobligatorias, seis puntos por riba do 75,9 % rexistrado en 2021 para esta mesma pregunta da enquisa.

Os alumnos que declaran ter padecido estas condutas sinalan como as máis habituais que se riron deles (8,97 %), que os insultaron (8,11 %) ou que se difundiron rumores sobre eles (7,8 %).

A maioría das familias consultadas, o 79 %, afirman que os seus fillos non participaron en situacións que poidan afectar negativamente outras persoas nin foron vítimas deses comportamentos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tolerancia cero

No que atinxe ás condutas do alumnado potencialmente positivas para a convivencia, máis do 80 % respecta o profesorado, atende as explicacións, fai as tarefas encomendadas e cumpre as normas de convivencia, cunha mellora de arredor de cinco puntos na resposta a estas preguntas respecto da enquisa de 2021.

Ademais, os resultados da enquisa demostran que a galega é unha comunidade educativa moi sensibilizada e concienciada neste ámbito. De feito, máis do 90 % do alumnado considera que todo o mundo é benvido no centro e unha maioría importante da comunidade educativa amosa tolerancia cero coa discriminación e a desigualdade.

Ao igual ca nas enquisas anteriores, unha gran porcentaxe de participantes manifestan un alto nivel de satisfacción co centro educativo ao que pertencen, ítem que mellorou sensiblemente respecto da enquisa anterior e que supón arredor do 90 % entre o profesorado, o persoal de administración e servizos, as familias e o alumnado de 5º e 6º de Primaria. Tamén o 72,6 % do alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria e o 77 % do de ensinanzas postobrigatorias está satisfeito co seu centro.

Novas medidas

A enquisa enmárcase na Estratexia galega de convivencia escolar 2025, a folia de ruta para o desenvolvemento de accións globais que teñen como obxectivo que cada alumno, en cada centro e en todas as etapas educativas, sexa quen de desenvolver ao máximo posible as súas potencialidades nun clima de cooperación, respecto e tolerancia.

A estratexia inclúe o Plan integral contra o acoso e ciberacoso escolar, co obxectivo da tolerancia cero neste tipo de condutas. Desde a súa aprobación, a Xunta ten desenvolvido diferentes medidas, como a limitación dos móbiles nas aulas, a instalación no 100 % dos centros educativos dun punto laranxa para denunciar anonimamente posibles situacións e a formación dos Equipos de actuación contra o acoso escolar constituídos en cada centro.

Ademais, trabállase de xeito coordinado coa Consellería de Sanidade para apoiar as vítimas, cun proceso de deriva prioritaria aos servizos de saúde mental, tanto para a diagnose como para a intervención terapéutica e en campañas de sensibilización, deseñadas para chegar especialmente á mocidade.

A maiores, a Consellería de Educación vai seguir desenvolvendo a estratexia con novas medidas, como o reforzo das escolas de nais e pais, a través do impulso de actividades de formación referidas ao uso responsable das TIC e ao ensino dixital.

Así mesmo, estase a traballar na elaboración dun plan de coeducación para afondar no tratamento da sensibilización, da prevención, da detección precoz e da intervención ante a violencia contra as mulleres, favorecendo a eliminación de estereotipos e da fenda de xénero na formación. Así mesmo, melloraránse os sistemas de resposta educativa ante a diversidade afectivo- sexual e de identidade de xénero.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Un cuestionario anónimo

Na IV Enquisa de Convivencia Escolar os cuestionarios tiveron diferentes versións en función do colectivo da comunidade educativa ao que vai dirixido e da etapa educativa do alumnado. Así mesmo, no marco da aposta pola inclusión, incluíuse un cuestionario pictográfico para facilitar a participación de todo o alumnado.

As preguntas foron sinxelas e directas, deseñadas para a súa resposta en liña a través dunha ferramenta informática que permitiu a recollida de datos de xeito automatizado e totalmente anónimo. Para manter a súa fiabilidade, validez, consistencia interna e a rastrexabilidade dos resultados, conservouse o groso das preguntas da primeira e segunda edición. Por primeira vez este ano incorpórase un bloque específico de preguntas do ámbito da igualdade, outro relacionado coas tecnoloxías da relación, a información e a comunicación, e un terceiro sobre a orientación vocacional.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INFORMATIZARÁ AS UNIDADES DE CRÍTICOS DE TODOS OS HOSPITAIS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA INCORPORAR INTELIXENCIA ARTIFICIAL E UN SISTEMA DE ALERTAS COMO APOIO ÁS DECISIÓNS SANITARIAS

- Contratarase este ano un software de sistema de información integral para a actividade de UCI e unidades de reanimación
- A posta en marcha en cinco áreas sanitarias por un valor estimado de 2,4 M€ completaráse entre 2025 e 2026
- Rexistrárase a información da medicación dos pacientes ou a monitorización hemodinámica, respiratoria, neurolóxica, neuromuscular e de temperatura

A Xunta contratará este ano o sistema que permitirá informatizar todas as unidades de críticos dos hospitais do Servizo Galego de Saúde por un valor estimado de 2,4 millóns de euros.

O Consello da Xunta abordou na súa reunión de hoxe un informe sobre a tramitación do acordo marco por dous anos para a adquisición deste sistema, un proxecto cofinanciado pola Unión Europea, a través do Programa FEDER de Galicia 2021-2027.

Coa dixitalización dos datos dos pacientes en estado grave ou moi grave será posible incorporar modelos de intelixencia artificial cos que aplicar algoritmos predictivos, incorporar un sistema de xestión de alertas e eventos que permita coñecer ao instante o estado do paciente. Isto axudará á toma de decisións do persoal sanitario e a dotar as unidades da capacidade para realizar análise de datos para a elaboración de estudos e investigacións ou para o desenvolvemento de protocolos de atención.

Actualmente, os hospitais públicos das áreas sanitarias de Vigo e da Coruña e Cee contan con sistemas de informatización nas unidades de críticos e as cinco áreas restantes dispoñen de dispositivos e equipamentos de distintos fabricantes e con diferentes capacidades de envío automático de datos. Polo tanto, o proxecto do Servizo Galego de Saúde inclúe a integración destes equipamentos para a incorporación automatizada dos datos xerados.

As unidades de críticos (UCI de adultos polivalente, UCI coronaria, UCI pediátrica, UCI neonatal, unidades de anestesia e reanimación posquirúrxica ou unidades de críticos nos servizos de urxencias) requiren do rexistro e almacenamento da información volátil procedente de sistemas de monitorización e dispositivos electromédicos. En concreto, a monitorización hemodinámica (por exemplo, tensión arterial), respiratoria (aire expirado ou sistemas de ventilación mecánica), neurolóxica (datos de electroencefalograma), neuromuscular (perda transitoria de consciencia), de temperatura ou medicacións (recollida de datos procedentes de bombas de infusión intelixentes).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O sistema realizará unha recollida e tratamento de toda a información relativa á situación do paciente, en tempo real e de forma automatizada. Desta forma, será posible incluír estes datos na historia clínica electrónica do paciente, compartir a información con profesionais do Servizo Galego de Saúde máis aló das unidades de críticos, facilitará a organización da rotación do persoal das unidades e permitirá empregar sistemas de axuda á toma de decisións.

Unha vez se formalice o contrato este ano, o sistema de información instalarase en todos os hospitais das áreas sanitarias de Ferrol; Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos; Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras; Pontevedra e O Salnés; e Santiago de Compostela e Barbanza ao longo dos anos 2025 e 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA INICIA A VINDEIRA SEMANA O PROXECTO PILOTO DE CRIBADO DE CANCRO DE PRÓSTATA PARA MELLORAR O DIAGNÓSTICO PRECOZ

- Rueda destaca que vai ser “a primeira autonomía” en poñer en marcha o cribado deste tumor que causa 500 mortes cada ano na comunidade
- Avanza que se iniciará na área sanitaria de Ferrol “co obxectivo de chegar a 12.000 homes de entre 50 e 69 anos”
- A actuación enmárcase nun proxecto europeo no que participan, ademais de Galicia, Cataluña e os países de Irlanda, Polonia e Lituania
- Os participantes serán citados para a extracción dunha mostra de sangue e seguirán o protocolo do programa en función do resultado de antígeno prostático específico e as demais probas de estratificación do risco
- Galicia consolídase como referente na prevención da saúde cos actuais cribados de cancro de mama, colon e cérvix, xunto ao programa piloto de cribado de cancro de pulmón que está en marcha na área sanitaria da Coruña e Cee

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que Galicia poñerá en marcha a vindeira semana “o proxecto piloto do cribado do cancro de próstata”. Deste xeito, a comunidade galega “será a primeira en España” en iniciar estas probas para mellorar o diagnóstico do tumor que “causa 500 mortes cada ano na comunidade”, resaltou.

Este cribado enmárcase no proxecto europeo PRAISE-U (sensibilización sobre o cancro de próstata e iniciativa para a detección na UE, nas súas siglas en inglés) e co que se pretende mellorar o diagnóstico precoz desta enfermidade e reducir os falsos positivos que se detectan cos controis actuais. Galicia será a primeira rexión en dar comezo ao proxecto, no que tamén participan Cataluña (Manresa), Lituania, Polonia e Irlanda.

Tal e como adiantou Rueda, o cribado poñeráse en marcha na área sanitaria de Ferrol “co obxectivo de chegar a 12.000 homes de entre 50 e 69 anos”.

A partir do vindeiro luns, 17 de xuño, a poboación diana comezará a recibir mensaxes SMS ou, no caso de non ter rexistrado o número de teléfono na súa tarxeta sanitaria, cartas para participar no cribado. As invitacións faranse unha vez ao mes durante un ano ata ter convidado a 12.000 homes da área de Ferrol. As comunicacións conterán unha ligazón con información do cribado e ofrecerase un número de teléfono específico, atendido por persoal técnico do Servizo de Detección Precoz de Enfermidades da Consellería de Sanidade, para que os homes convidados poidan resolver posibles dúbidas.

Aqueles que acepten participar serán citados para extracción de mostra de sangue e seguirán o protocolo en función do seu resultado de antígeno prostático específico. No caso de que ese resultado supere o límite establecido, os pacientes serán remitidos ao servizo de uroloxía para facer as probas correspondentes coas que estratificar o risco de padecer cancro de próstata.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con este proxecto, agárdase unha mellora no diagnóstico precoz, coa conseguente redución da mortalidade, e tamén unha diminución de tratamentos innecesarios. Ademais, o proxecto investigará o impacto psicosocial e as percepcións dos participantes sobre o cribado que inclúe o tacto rectal entre as probas que se van realizar en función do resultado previo da análise sanguínea.

Ampliación dos cribados de cancro

A Xunta sitúase á vangarda da prevención da saúde despois de ter ampliado a poboación diana do cribado de cancro de mama, de estender a toda Galicia o cribado de colo de útero e de aumentar a difusión do cribado de cancro colorrectal. Ademais, tal e como se comprometera a facer o presidente Rueda nos 100 primeiros días do novo Goberno galego, xa está posto en marcha o programa piloto de cribado de cancro de pulmón na área sanitaria da Coruña e Cee e a próxima semana iniciárase o de próstata en Ferrol.

Con indicadores que midan a taxa de cobertura do programa piloto en Ferrol, da participación, a positividade da proba de antígeno prostático ou as características dos cancros detectados, no primeiro semestre de 2026 realizarase unha avaliación para valorar a súa extensión ao resto de Galicia.

O proxecto PRAISE-U conta cun financiamento total de máis de 12 millóns de euros, dos cales 1.362.00 euros correspóndense co piloto que se desenvolve en Ferrol. Este proxecto está cofinanciado pola Unión Europea, a través do Programa Horizonte 2021-2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FINANCIARÁ, POR PRIMEIRA VEZ, A REHABILITACIÓN E MELLORA DE CAMIÑOS DE ZONAS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE 38 CONCELLOS CUN IMPORTE DE MÁIS DE 5M €

- Podían optar a subvención os concellos que tiveran dentro dos seus límites zonas de reestruturación ou concentración parcelaria rematadas, cun mínimo de 10 quilómetros de camiños nelas e cunha porcentaxe do uso da terra superior ao 39 %
- Rehabilitaranse e melloraránse 152 camiños que totalizan unha lonxitude de 162,42km co obxectivo de facilitar a accesibilidade e vertebración do territorio, así como a produtividade agraria e forestal

A Xunta destina mediante o Plan e rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023-2024, un total de 5.138.754,42 euros ás axudas para a mellora de infraestruturas rurais (camiños) de titularidade pública, co obxectivo de facilitar a accesibilidade e vertebración do territorio e, polo tanto, a produtividade agraria e forestal. Esta liña de axudas é a primeira vez que se pon en marcha e pretende beneficiar concellos con procesos parcelarios rematados. Neste sentido, estes fondos favoreceron 38 concellos galegos que cumprían como requisitos ter dentro dos seus límites zonas de reestruturación ou concentración parcelaria rematadas, conter un mínimo de 10 quilómetros de camiños nelas e unha porcentaxe do uso da terra superior ao 39 %.

Dentro dos proxectos inclúense actuacións como a limpeza e roza de plataforma ou de cunetas, reparación de fochas e outras obras complementarias como sinalización ou saneamento. Ademais do mantemento e acondicionamento das infraestruturas rurais para que cumpran as súas funcións, o aumento da dimensión e tamaño dos vehículos e a maquinaria agrícolas fan necesaria unha mellora da capacidade portante dos camiños que forman parte das redes de concentración ou reestruturación parcelaria rematadas, garantindo o tránsito destes e polo tanto, a competitividade das explotacións.

A contía asignada por concello partía de 125.000€, podendo chegar a un máximo de 200.000€ en función da lonxitude de pistas e da superficie de concentración parcelaria. As obras incluídas neste plan deben ter unha garantía de mantemento de, cando menos, 5 anos contados desde a data de pagamento final da axuda.

O Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023-2024 está cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no cal se recollen actuacións directas para a mellora das infraestruturas rurais (camiños) de titularidade pública, enmarcadas no ámbito das actuacións correspondentes ao Plan de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014 – 2020. Ao abeiro deste tamén se atopa o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plan marco

A Xunta destinou preto de 19,5 millóns de euros para a mellora de camiños rurais de acceso a parcelas agrícolas nos 313 concellos de Galicia mediante as axudas do Plan marco. A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural convoca anualmente estas de xeito ininterrompido dende o ano 2013. Neste sentido, durante o período 2016-2023 concedéronse 121 millóns de euros para o Plan Marco, que se traducen en 5.459 camiños e 4.284 quilómetros de vías rurais melloradas. Na última convocatoria (2023-2024) destináronse 18 millóns de euros a 629 actuacións para a mellora de 461 quilómetros da rede de camiños rurais.